

Informe da Directora

Xunta de Escola, 22 de xullo de 2024

1 Reunións de traballo

- 1 de xullo. Reunión da Directora e Raquel Pérez coa Vicerreitora de Comunicación e a Directora da Área de Imaxe da UVIGO.
- 1 de xullo. Reunión da directora e Francisco Deive co Director da Área de Infraestruturas e Instalacións da UVIGO.
- 16 de xullo. Reunión da Directora e Francisco Deive co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e o Director da Área de Novos Proxectos de Planificación da UVIGO.
- 18 de xullo. Asistencia da Directora e Francisco Deive á reunión convocada pola Vicerreitoría de Internacionalización da UVIGO.
- 3 de xullo. Reunión da comisión de valoración das mobilidades de profesorado saínte contempladas no Proxecto Erasmus KA171 (Elena Alonso, Amelia Rodríguez e Ángeles Saavedra). Resolveu conceder mobilidade á profesora Remedios Yáñez á Universidade Federico Santa María (Chile).

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

2 Orientación académica e profesional

Impartíronse as seguintes conferencias de formación extracurricular e que forman parte do programa de orientación académica e profesional da escola:

- 16 de xullo. Sesión informativa sobre o MUEM, impartida por Elena Alonso.
- Os días 11 de 12 de xullo desenvolveuse o “*SCIENTIFIC WRITING SEMINAR for doctoral students with English as an additional language*”, actividade organizada pola Escola. Participaron 20 persoas cunha duración total de 10 horas presenciais. A actividade foi organizada por Ana Rodríguez.

Agradécese a participación dos conferenciantes e a Ana Rodríguez a organización das actividades.

3 Acto Graduación

O 21 de xuño celebrouse o Acto de Graduación da 11ª promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e a 9ª do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. A mesa foi presidida polo Vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica da Universidade de Vigo, Martín López Nores. Ademais, estiveron na mesa Abel Caballero, Alcalde do Concello de Vigo, Juan José Fernández, Decano-Presidente do “Ilustre Colegio de Ingenieros de Minas del NO,” Miriam Couso, Vicepresidenta do “Ilustre Colegio de Ingenieros Técnicos y Grados de Minas y Energía de Galicia” e Elena Alonso, Directora da Escola.

Os Padriños da Promoción foron os profesores Francisco Deive (Graos) e Generosa Fernández (Máster Universitario en Enxeñaría de Minas) e a intervención inicial foi impartida por Nuria

Mouronte, egresada da Escola e actualmente consultora en Zabala Innovation Consulting, quen trasladou a súa experiencia en xestión de proxectos nacionais de I+D+i.

Ademais, fíxose entrega dos seguintes premios:

- Premio SOLTEC INGENIEROS, ao mellor expediente do Grao EE (IX promoción): Lorena Lorenzo Portela
- Premio COITMGA, ao mellor expediente do Grao ERME (IX promoción): Laura Iglesias Fernández
- Premio COIMNE, ao mellor expediente do MUEM (VIII promoción): Carlos Pose Rodríguez.

O acto foi amenizado por Carmen Rosende.

Agradécese a persoas que participaron no desenvolvemento do acto e a María Araújo, Raquel Pérez e Carmen Romo a organización e a María Araújo a coordinación.

4 Recursos materiais e instalacións

Acometéronse as seguintes reparacións:

- Terminouse a electrificación da aula M108
- Reacondicionouse a Sala Vitamina (arranxo de enchufes e iluminación).

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo como responsable da xestión de recursos materiais e infraestruturas da escola.

5 Persoas egresadas

Publicouse o número 6 da revista Materia Prima o 23 de xuño, Día Internacional da Muller na Enxeñaría. Agradécese o traballo a Eduardo Liz, responsable da publicación.